

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*RESOLUCIÓN do 4 de abril de 2018 pola que se amplía o prazo de execución do proxecto e para solicitar o cobramento establecido na Resolución do 27 de xaneiro de 2017 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos premios e axudas aos proxectos Piloto Industria 4.0 (II Piloto Industria 4.0) en Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.*

No *Diario Oficial de Galicia* número 24, do 3 de febreiro de 2017, publicouse a Resolución do 27 de xaneiro de 2017 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos premios e axudas aos proxectos Piloto Industria 4.0 (II Piloto Industria 4.0) en Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

No punto quinto do resolvo establécese no parágrafo segundo que o prazo de execución dos proxectos non poderá superar o 30 de xuño de 2018.

Tendo en conta que a convocatoria se resolveu o 11 de setembro de 2017, publicándose a Resolución no DOG núm. 181, do 22 de setembro, e na páxina web do Igape ese mesmo día, e dada a envergadura dalgúns dos proxectos de investimento, a demora en ter unha resolución firme nos proxectos que recorreron a resolución e as repercusións que pode ter para o organismo intermedio líder da agrupación e para a agrupación no seu conxunto non acadar unha execución significativa, considérase apropiado ampliar os prazos de execución xa que a proximidade da data límite de execución deixa moi escaso marxe de tempo para executar os proxectos aprobados, co fin de posibilitar a realización dos proxectos e para a eficiencia do propio programa. En consecuencia, faise preciso ampliar o prazo para solicitar o cobramento.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e dado que non se causan prexuízos a terceiros,



**RESOLVO:****Artigo 1**

Ampliar ata o 31 de outubro de 2018, o prazo de execución dos proxectos establecido no parágrafo segundo do resolvo quinto da Resolución do 27 de xaneiro de 2017 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos premios e axudas aos proxectos Piloto Industria 4.0 (II Piloto Industria 4.0) en Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

**Artigo 2**

Ampliar ata o 30 de novembro de 2018 o prazo establecido nos parágrafos cuarto e quinto do resolvo quinto da devandita resolución para que os organismos intermedios presenten a solicitude de cobramento da parte variable do premio e para que as pemes presenten a solicitude de cobramento para os proxectos que rematen antes de ou o mesmo día 31 de outubro de 2018.

**Artigo 3**

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2018

Juan Manuel Cividanes Roger  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

